

**Acta núm. 01/2026.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 20 de xaneiro de 2026.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Sandy Marie Cebral Gómez.
José Antonio Vidal González.
María Rosa Romero Fariña.
Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 20 de xaneiro de 2026, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín, e asiste como secretaria María Dolores Torrado Ares, secretaria accidental do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 20/2025, DO 16/12/2025.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.
- 3º) COMUNICACIÓN PREVIA ACTIVIDADE.
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 6º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 7º) MODIFICACIÓN COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS.
- 8º) RENUNCIA A LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 9º) BONIFICACIÓN PREZO PÚBLICO.
- 10º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 20/2025, DO 16/12/2025.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 16.12.2025, acta núm. 20/2025.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por IRENE TOMÉ GONZÁLEZ, na que comunica que vai limpar con auga a presión, repicar e encintar a fachada de cachotería orientada ao sur da vivenda sita no lugar de Vioxo de Abaixo nº 14 – Luaña.

A parcela (referencia catastral 1140501NH2414S0001FQ) sobre a que se empraza a vivenda na que se van executar as obras, atopase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidas pola edificación da zona oeste (NRO-1), e sitúase dentro da zona de policía do Rego de Viceso ou Naveira (idcurso 10037783842) e na aldea de Vioxo de Abaixo que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave (LE-2), e en base ao artigo 45, apartado 2.d) da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, a vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 11.12.2025 (expte. DH.W15.111269), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 27,00 euros.

Total: 27,00 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN JOSÉ PARDO GUERRA, na que comunica que vai limpar con auga a presión, reparar gretas e pintar as fachadas da vivenda nº 6 da Rúa da Fonte – Os Ánxeles.

A edificación (referencia catastral 6746501NH2464N0001GD) onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2 do PXOM e sitúase na zona de afección de varios elementos catalogados; Aldea de Alqueidón (clave: AE2) e da Fonte do Santo Antonio (clave: AI2).

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 15.12.2025 (Expediente: XTC-2025- 2375.AUI) e do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As obras axustaranse á condición imposta na resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 15.12.2025 (Expediente: XTC-2025- 2375.AUI): *“A cor da pintura a empregar deberase axustar ao especificado na Guía de materiais e cores de Galicia segundo a zona xeográfica que lle corresponda.”*
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 36,00 euros.

Total: 36,00 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PEDRO NOREÑA AMAT, na que comunica que vai construír un galpón con dimensións en planta de 35 m², (5 m. x 7 m.), para destinalo a almacén agrícola, a emprazar no lado oeste da parcela sita no lugar de Gronzo nº 25 – Brión, afastado a 3 m. do linde e a 5 m. do eixo da pista. O galpón vaise executar con muros de fábrica de bloque, revestidos con morteiro de cemento pintado en cor branca, con cuberta a dúas augas rematada en tella cerámica, sendo a altura nos aleiros de 2,40 m. e no cumio de 3,62 metros.

A parcela (referencia catastral 4856105NH2445N0001DX) onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural,

séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O galpón deberá afastarse un mínimo de 3 metros do lindeiro particular da parcela e de 5 metros respecto do eixo da pista.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 117,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 182,17 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por YAGO MEILÁN IGLESIAS, na que comunica que vai executar unha serie de actuacións destinadas a reparar os problemas derivados das filtracións ocasionadas polo estado actual da cuberta da vivenda sita no lugar de Tembra nº 28 - Boullón. As actuacións consistirán no selado e cegado do oco da cheminea na cuberta, coa posterior reposición da cobertura de tella afectada, así como co aseguramento e asentamento da cachotería da fachada. Igualmente, procederase á reparación dos taboleiros de contrachapado de madeira no interior da vivenda.

A parcela (referencia catastral 4144301NH2444N0001LT) onde se pretenden executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM e sitúase dentro da aldea de Tembra, que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como (MBE1) e en base ao disposto nas letras a) e d) do apartado 2 do artigo 45 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 40,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 105,17 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA CONSUELO SEÑORÍS MALVAREZ, na que comunica que vai executar obras de mantemento e conservación sobre a cuberta dun alpendre ancorado ao linde sur dunha parcela sita no lugar de Gundín nº 17- Os Ánxeles, consistentes en substituír a cobertura de fibrocemento existente por outra de distintas características (panel sandwich), mantendo a mesma volumetría e configuración da cuberta. A cuberta ten unha superficie aproximada de 60 m², e sustentase sobre vigas de formigón pretensado.

A parcela (referencia catastral 5140302NH2454S0001ZJ) sobre a que se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1) e sitúase dentro da zona de afección da estrada de titularidade autonómica AC-543.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante o Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, de data 27.11.2025 (exppte: IF204A/AC/2025/1309), e do informe do arquitecto municipal, no que se sinala que a citada construción ten unha antigüidade superior a seis anos, quedando en situación legal de fóra de ordenación en aplicación do artigo 153.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sendo de aplicación, por remisión do citado artigo, o disposto no artigo 190 da mesma lei, que regula a situación de «fóra de ordenación», e polo que tan só se permiten no presente caso obras de mantemento e conservación, sen que en ningún caso poida ampliarse a edificación existente, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións.

- O material de cobertura, de acordo coa normativa municipal de aplicación, deberá ser en tella cerámica, mantendo a configuración e a volumetría actuais da cuberta.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 24,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 88,57 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por BIBIANA GARCÍA REINO, na que comunica que vai executar obras de reforma no interior da vivenda sita na Urbanización Monte Balado nº 11, baixo B – Os Ánxeles, consistentes en:

- Retirar o solado laminado existente e instalar un novo solado vinílico na vivenda.
- Pintar os paramentos interiores da mesma.
- Substituír o alicatado do baño e cambiar a bañeira por un prato de ducha.
- Abrir un oco no muro do xardín para a instalación dunha porta de acceso ao espazo exterior, correspondente á zona verde da urbanización.

A edificación (referencia catastral 6550703NH2465S0002JH) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 176,74 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 241,31 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por GABRIELA VANESSA VELASQUEZ MARCANO, na que comunica que vai substituír o panel frontal do cartel (rotulo publicitario) dun local coa actividade de restaurante, emprazado na planta terceira do Centro Comercial Monte Balado – Os Ánxeles.

O centro comercial (referencia catastral 6449503NH2464N0030MP) sitúase dentro dun ámbito de solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-3.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a substitución do panel frontal do rotulo publicitario, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Notificar o presente acordo a interesada.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA ACTIVIDADE.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JACIRENE RIBEIRO CARVALHO, na que comunica o inicio da actividade de “Establecemento de tapizados” na Avda. de Noia 38 – baixo, local 2 – Os Ánxeles, consonte coa memoria asinada polos arquitectos Carlos M. Maneiro Múñiz e Miguel Outeiral Moledo, asinada con data 17.09.2025.

Antecedentes:

Con data 11.04.2002 a Comisión de Goberno concedeu a D. José Blanco Redondo, en representación de PROMOCIONES BLANCO BARREIRO, S.L., licenza para construír unha edificación composta por soto, baixo, primeira e baixo cuberta a situar no lugar de Alqueidón, parroquia de Santa María dos Ánxeles, segundo proxecto técnico, redactado polo arquitecto D. Enrique Roel Estrada, de edificio de planta 1º, baixo cuberta e baixos comerciais e soto para garaxe, Brión.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar a actividade de “Establecemento de tapizados” na Avda. de Noia 38 – baixo, local 2 – Os Ánxeles, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Taxa de tramitación de licenzas actividade: 184,28 euros.
Total: 184,28 euros.

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha comunicación previa presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de JAVIER SEOANE LIÑARES e MÓNICA PAMPÍN ANGUEIRA, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Sabaxáns 92 – Bastavales.

Con data 06/06/2023 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a JAVIER SEOANE LIÑARES e MÓNICA PAMPÍN ANGUEIRA para construír unha vivenda unifamiliar en Sabaxáns 92 – Bastavales, segundo proxecto de execución redactado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 25.04.2023 (expte. nº 2302161).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, e do certificado final de dirección de obra asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso con data 10.11.2025, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 64,57 euros.
Total: 64,57 euros.

3º) Proceder por tesourería á devolución parcial do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 195,85 euros, correspondente a diferenza entre o orzamento inicial e o orzamento final.

QUINTO .- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Annie Daniela Cruz Malpica, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico (15,10 kw) a unha infraestrutura (Torre) de telecomunicacións, emprazada nunha parcela rústica (referencia catastral: 15013A018002330000US) sita nas inmediacións da aldea da Igrexa – Luaña, abrindo unha gabia que discorre parte (110 ml) pola beirarrúa da estrada provincial DP-1301 Gándara-Amañecida e parte (44 ml) sobre o vial municipal de acceso á infraestrutura de telecomunicacións.

Antecedentes:

1.- Con data de 15.04.2025 a Xunta de Goberno Local autorizou a American Tower España, S.L.U., a instalar unha infraestrutura de telecomunicacións nunha parcela rústica situada nas inmediacións da aldea da Igrexa (Luaña), con referencia catastral: 15013A018002330000US, impondo como condición no citado acordo que para calquera outro tipo de obra accesoria como as de infraestrutura soterrada de subministro eléctrico (RBTS) deberase de tramitar un novo título habilitante municipal.

A presente actuación sitúase dentro da zona de afección dun conxunto de bens de interese cultural integrados no catálogo do PXOM; conxunto da Igrexa da Luaña (clave: LR1) e contorno

do templo parroquial, (claves: LE4 e LC5) e segundo o informe da Delegación Territorial de Patrimonio Cultural da Coruña do 26.11.2025 (expediente XTC-2025-2546.AUI), as presentes actuacións non precisan de autorización, en virtude do establecido ao respecto polo artigo 45.2.g) da Lei 5/2016, do Patrimonio Cultural de Galicia, toda vez que non se poñen en risco os valores culturais protexidos.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Deputación Provincial da Coruña do 09.12.2025 (expediente 2025000044428) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- As obras deberán de axustarse ás condicións impostas na autorización da Deputación Provincial da Coruña do 09.12.2025 (expediente 2025000044428).

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 574,00 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 519,98 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 584,55 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Annie Daniela Cruz Malpica, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico (22,17 Kw) a un conxunto de 5 cabanas destinadas a uso turístico, emprazadas no lugar de Vilanova nº 5 (Os Ánxeles), abrindo unha gabia de 19 ml, sobre un vial municipal segundo o proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez con data 03.11.2025.

O conxunto de 5 cabanas destinadas a uso turístico, obxecto de subministro, sitúanse parte dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1) e parte en solo rústico de protección agropecuaria, dentro da zona de protección de leitos do rego de Sanín.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 23.12.2025 (clave DH.W15.112816), e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 220,31 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 44,06 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 108,63 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Annie Daniela Cruz Malpica, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico (9,20 kw) a unha vivenda sita no lugar de Outeiro nº 46 (Os Ánxeles), abrindo unha gabiá de 13 ml sobre un vial municipal segundo o proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez con data 10.09.2025.

A vivenda obxecto de subministro (referencia catastral 8042709NH2484S0000KT), sitúanse dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 107,33 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 21,47 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 86,04 euros.

SEXTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por José Sandro Vázquez González, que di actuar en representación de ROSALINO BALO BECERRA e ROCIO GARNIL MELLA, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Brans de Abaixo 42 – Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Antonio Herrera Guyomard, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 28.10.2025 (expte. 2502527) e documentación complementaria referente ás obras de urbanización de data 05.09.2025.

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 7166842NH2476N0001TT) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Antonio Herrera Guyomard, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 28.10.2025 (expte. 2502527) e documentación complementaria referente ás obras de urbanización de data 05.09.2025.
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, (39,47 m2 asinados en documento administrativo de cesión) que implica a pavimentación en todo o fronte da parcela, a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval bancario ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a construción da vivenda non implica título habilitante para actuar sobre os muros de peche, para o que deberá facer nova solicitude.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 39,47 m², destinados a regularización do viario, previsto no artigo 24.2) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 21 de novembro de 2025.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 3.050,30 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 3.146,33 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Maria del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de OBDULIA MELLA VEIGA, solicitando licenza para a rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar e muros de contención en Liñares 38 – Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 21.10.2025 e documentación complementaria asinada con data 04.12.2025 (Expte. 2504825).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 5952504NH2455S0001TA) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 21.10.2025 e documentación complementaria asinada con data 04.12.2025 (Expte. 2504825).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das alifiações establecidas no planeamento (84 m² asinados en documento administrativo de cesión), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela, (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a rehabilitación e os muros de contención, non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha nova solicitude.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 84,00 m², destinados a regularización do viario, previsto no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 22 de decembro de 2025.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 3.010,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 3.106,03 euros.

SÉTIMO.- MODIFICACIÓN DE COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ALFONSO SERRAMITO FREIRE, na que solicita modificación da autorización de obras concedida pola Xunta de Goberno Local o 15.04.2025 para a execución de obras na parcela sita en O Cabo 8, Os Ánxeles, nos seguintes termos:

Onde se solicitou:

.- Peche de parcela en varios tramos, que non están en contacto coa vía pública, con bloques de

formigón revestido de pedra polos dous lados e outra parte revestidos e pintados, ata una altura de 1,20 m. dende a rasante natural do terreo, e arame por enriba ata unha altura total de 1,80 m.

Agora se solicita:

.- O peche da parcela, que non está en contacto coa vía pública, será con bloques de formigón revestidos e pintados, ata unha altura de 1,20 m dende a rasante natural do terreo, e arame por enriba ata unha altura total de 1,80m.

.- Levantamento dun treito adicional de peche de 5.50 ml, a executar coas mesmas características que os anteriores.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia (clave: DH.W15.104578) de data 19.12.2025, que modifica a autorización de data 28.03.2025, e do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a modificación da comunicación previa solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

OITAVO.- RENUNCIA A LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta da presentación por parte de ALBERTO VIAÑO MOURE, da solicitude de renuncia á licenza de obra maior concedida pola Xunta de Goberno Local do 3 de xuño de 2025, a Alberto Viaño Moure para a construción dunha vivenda unifamiliar e piscina en Outeiro nº 48 (Os Ánxeles), segundo proxecto básico redactado polo arquitecto Héctor González Castro con data maio de 2025.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal no que sinala que as obras non foron executadas, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada, deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 03.06.2025.

2º) Anular a liquidación aprobada do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) devengado neste expediente, por importe de: 2.500,00 euros.

3º) Manter a liquidación aprobada da taxa de tramitación de licenzas urbanísticas por importe de: 96,03 euros.

4º) Proceder por tesourería á devolución do aval bancario por importe de 900,00 €.

5º) Notificar o presente acordo o interesado.

b) Deuse conta da presentación por parte de TOMAS ZEDINEK, da solicitude de renuncia á licenza de obra maior concedida pola Xunta de Goberno Local do 20 de maio de 2020, a Tomás Zedinek para a instalación de dous invernadoiros de 24 x 8 metros cada un, segundo o proxecto técnico e documentación complementaria redactada polo enxeñeiro técnico agrícola Rafael Señarís González, visado de data de 25.06.2019 e 07.11.2019.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe desfavorable emitido polo arquitecto municipal no que sinala que sobre a finca de referencia catastral: 9810302NH2491S0001ZT obxecto da citada licenza de obras para a instalación de dous invernadoiros, puido comprobarse que si se teñen realizado as obras de instalación dos dous invernadoiros autorizados no seu día, en notoria contraposición co manifestado polo interesado, por unanimidade, acorda:

1º) Desestimar a solicitude de renuncia á licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 20.05.2020, para a instalación de dous invernadoiros de 24x8 metros cada un, segundo proxecto técnico, e documentación complementaria redactada polo enxeñeiro técnico agrícola Rafael Señarís González, visado de data 25/06/2019 e 07/11/2019 (expte. nº CO-20190427).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57euros.

3º) Manter as liquidacións aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 20.05.2020:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 182,93 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

4º) Notificar o presente acordo ao interesado.

NOVENO.- BONIFICACIÓN PREZO PÚBLICO.

a) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por M.F.O., con rexistro de entrada no concello núm. 202500000003339, do 20.11.2025, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á participación do seu fillo L.F.O nas actividades de: Concilia Nadal 2025.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 11.12.2025, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a M.F.O., unha bonificación do 100% do prezo público por importe de: 25,00 euros, correspondente á participación do seu fillo nas actividades referenciadas, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento, e ao Departamento de servizos sociais.

DÉCIMO .- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,30 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretaria acetal dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

A secretaria accidental

María Dolores Torrado Ares